



# Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

## **PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE MÁQUINA BARREDORA - ASPIRADORA AUTOPROPULSADA MEDIANTE LEASING**

### **1.- Obxecto do contrato.**

O obxecto do presente contrato de subministro é a adquisición dunha máquina barredora-aspiradora autopropulsada cujas características técnicas describíense no pliego de prescricións técnicas con destino ó servizo de recollida de lixo do Concello de A Illa de Arousa mediante arrendamento financeiro con opción de compra. A contratación dos servizos inherentes farase ó mesmo tempo que a operación de subministro do ben.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato son de cumprimento das competencias municipais en materia de recollida de lixo.

### **2.- Réxime xurídico.**

Este contrato de subministro ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexirase polo presente pliego de cláusulas administrativas particulares, polo pliego de prescricións técnicas, pola Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (LCSP) e, no que non se atope derogado por esta, polo Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP) e o RD 817/2009, de 08 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Teñen carácter contractual, ademais do presente pliego, o de prescrición técnicas, e a oferta económica e técnica que resulte adxudicataria do procedemento convocado para a adxudicación deste contrato.

No caso de discrepancia entre os distintos documentos constructuais non salvable por interpretación sistemática dos mesmo, prevalecerá o establecido no presente pliego, salvo que se deduza que se trate dun evidente erro de feito ou aritmético.

### **3.- Órgano de contratación.**

O órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía-Presidencia.

O mencionado órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas para interpretar, resolver as dúbidas que se plantexen, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que se dicten a este respecto serán executivos, sen perxucio do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdicción competente.

### **4.- Orzamento de licitación.**

O orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de 101.694,92 euros, e 18.305,08 euros en concepto de IVA, cun total de 120.000,00 euros. A esta cantidade hai que engadir un tipo de interese fixo do 6,5%, e 0,25 por cento en concepto de comisión de apertura, cantidade que será financiada mediante unha operación de leasing. Dito importe máximo, susceptible de ser mellorado á baixa polos licitadores, será abonado polo Concello no prazo de 121 meses, en 120 cotas mensuais máis unha final correspondente á opción de compra.

O orzamento de licitación inclúe o prezo do vehículo, os intereses totais da operación de financiamento, o valor da opción de compra, calquera tributo que grave o arrendamento financeiro e os impostos e taxas correspondentes.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

No tipo de licitación inclúense os gastos de entrega, transporte, rotulación e matriculación e instalación do subministro, que comprenderá todos os elementos auxiliares necesarios que, pola súa pouca entidade e dificultade de definición previa, non figuren expresamente na composición do subministro. Tamén comprende o tipo de licitación o IVA.

Os licitadores que presenten ofertas poderán cubrir o orzamento máximo de licitación ou ben reducir o tipo a favor da Corporación contratante, consignando en letra o precio a precibir, non sendo válida a proposición que conteña cifras comparativas respecto á máis ventaxosa, nin a que supere o precio d elicitación. Na proposición deberá indicarse o importe do IVA así como os xuros derivados do financiamento da operación así como a comisión de apertura.

### **5.- Financiamento e duración do contrato.**

O importe do precio do subministro será satisfeito en 119 cotas mensuais máis intereses, e unha cota final correspondente á opción de compra. Este financiamento será articulado mediante un contrato de arrendamento financeiro, concertándose simultaneamente os servizos financeiros inherentes á mesma.

Sen prexuício do prazo de amortización da operación financeira, a duración do contrato establécese entre a data de notificación da adxudicación definitiva do contrato e a data de aboamento polo Concello da derradeira cota de arrendamento financeiro, ou ó valor residual do subministro no caso de exercitar a opción de compra.

### **6.- Revisión de precios.**

Non se admite revisión de precios.

### **7.- Procedemento e forma de adxudicación.**

A forma de adxudicación será o procedemento aberto, no que todo interesado con capacidade suficiente poderá presentar unha proposición.

A valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa atenderá a varios criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato, de conformidade co disposto no artigo 134.1 da LCSP.

### **8.- Gastos.**

Son de conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación en Boletíns oficiais, así como os de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública.

Os citados gastos descontaranse no primeiro pago efectuado a favor do contratista, salvo que acredite o ingreso do coste daqueles na tesourería do Concello de A Illa de Arousa.

### **9.- Garantías.**

Non se esixe garantía provisional.

Dada a natureza do contrato e as características do adxudicatario non se establece garantía definitiva para a contratación do subministro.

A exención da garantía administrativa enténdese sen prexuício da garantía técnica e mecánica de alomenos dous anos que deberán ofertar os provedores, garantía cuíñas características serán detalladas polos concesionarios e que será tida en conta como criterio para a adxudicación do contrato.

### **10.- Capacidade para contratar.**

Poderán contratar unicamente as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estraxeiras que:

- Teñan plena capacidade de obrar.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

- Non estean incursos en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 49 da LCSP na data de conclusión do prazo de presentación de solicitudes de participación e cando se proceda á adxudicación definitiva do contrato.
- Acrediten a solvencia económica, técnica ou profesional a través do certificado de inscrición no rexistro especial de sociedades de arrendamento financeiro ou ben acreditación de levar alomenos dous anos realizando en España operacións de leasing para as empresas de fabricación e/ou comercialización de vehículos.

As persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos con prestacións comprendidas dentro dos fins, obxecto e ámbito da actividade que, a tenos dos seus estatutos fundacionais, lles sexan propios.

As empresas españolas non comunitarias deberán reunir ademais os requisitos do artigo 44 da LCSP e as comunitarias deberán estar habilitadas para a realización da prestación obxecto do contrato.

Poderán así mesmo presentar proposicións as unións temporais de empresarios que se constituán ó efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata a adxudicación ó seu favor. Cada un dos empresarios deberá acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, e quedarán obrigados solidariamente ente este Concello, debendo nomear un representante ou apoderado único con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas do contrato ata a extinción do mesmo, sen prexuício da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos. A duración das unións temporais de empresarios debe coincidir ca do contrato ata a súa extinción. As ofertas económicas e técnicas que formulen estas unións temporais deberán indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que as formen e a participación de cada un deles na unión así como que asumen o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios.

### 11.- Acreditación da solvencia.

O informe da Xunta Consultiva de Contratación 18/2003, de 17 de novembro, establece que o arrendamento financeiro so pode ser prestado por unha Entidade Financeira de crédito das que cita a disposición adicional sétima da lei 26/1988, polo que ó operar estas baixo o control de autorización do Banco de España teñen xa acreditada a súa solvencia para poder concurrir á adxudicación do contrato. Para a súa xustificación deberá presentarse unha certificación acreditativa do anterior así como unha declaración responsable formulada polo licitador na que manifeste nque as circunstancias reflexadas no certificado non experimentaron variación.

### 12.- Documentación e ofertas.

As ofertas se presentarán no rexistro do Concello de A Illa de Arousa en horario de 9,00 a 14,00 horas nun prazo de 15 días contados dende a publicación do anuncio de licitación no BOP.

As ofertas poderán presentarse por correo ou telefax en calquera dos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as ofertas se envían por correo o empresario deberá xustificar a data de imposición de envío na oficina de correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama se efectuará mediante dilixencia extendida no mesmo polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

Cada candidato non poderá presentar máis de unha oferta. Tampouco poderá suscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis de unha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el suscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente pliego.

As ofertas para tomar parte na licitación se presentarán en dos sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para participar na licitación da contratación de subministro mediante arrendamento financeiro con opción de compra (leasing) de MÁQUINA BARREDORA - ASPIRADORA AUTOPROPULSADA".

A denominación dos sobres é a seguinte:

**SOBRE 1: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**

**SOBRE 2: OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.** Este sobre deberá conter a oferta económica e as características técnicas do vehículo así como a oferta sobre o criterio do prazo de garantía e outro onde constará a oferta susceptible de xuízo de valor.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre se incluírán os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

**SOBRE Nº 1: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que crediten a representación.

Os que comparezan ou asinen ofertas en nome de outro deberán presentar copia notarial de poder de representación, debidamente verificado.

Se o candidato fora persoa xurídica este poder deberá figurar inscrito no rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testimonio notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar das recollidas no artigo 49 da LCSP.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e ca Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse antes da adxudicación definitiva polo empresario a cuio favor se vaia a efectuar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

**SOBRE Nº 2: SOBRE A) OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.**

a) Oferta económica.

Se presentará conforme a seguinte modelo:

“”D. ...., con domicilio en ....., Municipio ....., CP..... e DNI nº..... expedido en ..... con data ....., en nome propio (ou en representación de ..... como acredito por .....) enterado do expediente de contratación ordinaria e da convocatoria para a adxudicación por



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

procedimento aberto do subministro de "MÁQUINA BARREDORA - ASPIRADORA AUTOPROPULSADA FINANCIADO MEDIANTE LEASING", tomo parte na mesma comprometéndome a realizalo de acordo co pliego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, que acepto integramente, no precio de ..... (letra e número), IVA excluído, sendo o IVA de ..... e comisión de apertura de ....., pagaderos en cotas de ..... euros mensuais. O valor residual para a opción de compra será igual á derradeira cota. O interés fixo será do ...%. Farase constar no seu caso os costes financeiros, impostos, taxas e seguros que correrán a cargo do Concello de A Illa de Arousa.""

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2011.

Asdo. \_\_\_\_\_

### b) Documentación técnica.

Memoria na que se relacionen, de forma detallada, as características técnicas do vehículo que se oferta e fotografías ou catálogo do mesmo.

### SOBRE B) OFERTA SUSCEPTIBLE DE XUICIO DE VALOR.

#### 13.- Criterios de adxudicación.

Os criterios de adxudicación serán os seguintes:

- 1.- Precio: 20 puntos. As ofertas presentadas puntuaranse segundo regra de tres outorgando a máxima puntuación á oferta máis baixa presentada que non incurra en baixa temeraria.
- 2.- Oferta técnica: 50 puntos. A valoración estará suxeita a xuício de valor, de acordo cas características técnicas do vehículo ofertadas.
- 2.- Asistencia técnica e mantemento: 20 puntos. A proposta presentada centrarase na asistencia técnica ó vehículo en caso de avería ou accidente, desprazamento con grúa, vehículo de substitución, etc....., así como o mantemento acorde co desgaste normal da maquinaria. A valoración estará suxeita a xuício de valor.
- 3.- Ampliación do prazo de garantía: 10 puntos. Este criterio refírese á ampliación do prazo de garantía do subministro deste contrato, comprometéndose nese prazo ampliado ó arranxo dos vicios ou defectos que puidera ter o vehículo. Puntuarase segundo regra de tres outorgando a máxima puntuación á maior ampliación presentada.

#### 14.- Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o da Corporación ou membro ou funcionario desta en quen delegue.
- Vocais: o concelleiro de Urbanismo, o concelleiro de obras e servizos, o secretario-interventor e a arquitecta municipal.
- Secretario: un funcionario municipal.

#### 15.- Apertura de proposicións.

15.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do sobre nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, aportadas as aclaracións ou documentos complementarios requeridos, ou transcorrido o prazo que se conferira ó efecto, realizará en acto público a apertura das proposicións dos licitadores admitidos, no lugar e hora sinalados no anuncio de licitación, de acordo ó seguinte procedemento:



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

15.1.1.- En primeiro lugar, O Presidente dará conta ós asistentes do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, comunicando o resultado da cualificación da documentación xeral presentada nos sobres nº 1, con expresión dos licitadores admitidos e dos excluídos, e das causas da súa exclusión, invitando ós asistentes a que formulen as observacións que estimen oportunas, que serán reflexadas na acta, pero sen que neste momento poida a Mesa facerse cargo de documentos que non se entregaran durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de subsanación de defectos u omisións.

15.1.2.- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura dos sobres nº 2 dos licitadores admitidos, dando lectura sucinta das ofertas que dependan dun xuízo de valor e á relación dos documentos aportados respecto ós restantes criterios de adxudicación para ser entregados, no seu caso, ó órgano de valoración e deixando constancia documental de todo o actuado.

A continuación darase por rematado o acto público de apertura das proposicións.

O prazo de valoración das propostas non cuantificables automaticamente será de cinco días naturais, debendo abrirse en acto público o sobre relativo á oferta económica no primeiro día hábil seguinte ó de remate do prazo anterior dándose a coñecer en dito acto a valoración obtida polos licitadores en relación cos criterios non cuantificables.

15.2.- A Mesa de contratación, tras solicitar os informes técnicos que estime oportunos, elevará o órgano de contratación a proposta de adxudicación razonada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados na cláusula 13 del presente pliego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xenerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Esta proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non acorde a adxudicación provisional.

### **16.- Adxudicación provisional e definitiva.**

A adxudicación provisional se acordará polo órgano de contratación en resolución motivada na que se concretarán e fixarán os termos definitivos do contrato e se publicará conforme ó establecido nos artigos 42 e 135.3 da LCSP.

A publicación terá lugar no perfil do contratante do órgano de contratación (páxina web do Concello de A Illa de Arousa -[www.ailladearousa.es/contratación](http://www.ailladearousa.es/contratación)-) ou no boletín oficial da provincia de Pontevedra, tomándose como referencia para o cómputo do prazo de quince días entre a adxudicación provisional e definitiva a data da primeira publicación.

Para que a adxudicación provisional sea elevada a definitiva, o adxudicatario deberá presentar no prazo de quince días hábiles a contar dende a publicación da adxudicación provisional a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademáis a certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos dez días hábiles seguintes a aquél en que expire o prazo de quince días anterior.

### **17.- Formalización do contrato.**

O adxudicatario queda obrigado a suscribir, dentro do prazo de dez días hábiles dende a data da notificación da adxudicación definitiva, o documento administrativo de formalización do contrato, ó que se unirá un exemplar do pliego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato se formalizará en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo da súa costa os gastos derivados do seu outorgamento. Se por causa imputable ó



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, o Concello conforme ó disposto no artigo 140.3 da LCSP, podertá acordar a súa resolución.

### 18.- Prazo de entrega.

O prazo de entrega material do subministro será de un mes a contar dende a sinatura do contrato no lugar determinado polo Concello de A Illa de Arousa.

Será obriga do contratista adoptar pola súa conta as medidas de seguridade previstas para evitar que a entrega do vehículo obxecto deste contrato ocasione danos ó propio vehículo, persoas ou bens, así como indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros ou á propia administración como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, nos termos previstos na lexislación vixente.

Esta responsabilidade estará garantida polo correspondente seguro de responsabilidade civil que deberá asegurar a actividade profesional do contratista.

### 19.- Recepción.

No prazo de un mes dende a entrega do vehículo o Concello deberá levar a cabo un acto de recepción ou conformidade para a constatación da entrega. Dito acto levarase a cabo por un representante do Concello designado pola Alcaldía, o encargado de obras municipal e o contratista e facultativo que estime oportuno.

Xunto co vehículo o contratista entregará o permiso de circulación do vehículo, a tarxeta técnica e seguro do mesmo, así como os manuais correspondentes do funcionamento e mantemento do vehículo.

Se o vehículo non estivese en condicións de ser recibido farase constar así na acta de recepción, dando instrucións precisas ó contratista para que se subsanen os defectos observados e proceda a un novo subministro.

### 20.- Dereitos e obrigas das partes.

Ademais dos dereitos e obrigas que ostentan as partes do contrato en virtude do disposto na LCSP, o contratista terá dereito:

- Ó importe mensual da cota de arrendamento fixada.
- O Concello quedará obrigado á restitución do vehículo ó remate do contrato, salvo que se exercite a opción de compra.
- O Concello quedará obrigado a comunicar ó arrendador calquera perda ou novidade danosa no vehículo, asumir os riscos por danos e perdas, total o parcial do mesmo dende a recepción e se obriga a concertar ó seu cargo, salvo que por escrito se acorde outra cousa co adxudicatario de acordo ca súa oferta, un seguro que cubra todos os riscos durante a vixencia do contrato.

O contratista estará obrigado a:

- Executar o contrato de conformidade do pliego de cláusulas administrativas particulares.
- Entregar o ben obxecto do contrato en perfecto estado.
- Garantir o uso e desfrute do ben.
- Respetar a opción de compra ó remate do contrato, comprometéndose a transferir a propiedade do vehículo ó Concello de A Illa de Arousa.
- Executar o contrato ó seu risco e ventura.
- Cumprir as disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo, quedando o Concello exonerado de non cubrirse tales obrigas.
- Indemnizar os danos e prexucios que se causen a terceiros ou á administración como consecuencia das operacións que requiren a execución do subministro.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

- O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas ou averías ou perxucios ocasionados antes da entrega do ben ó Concello de A Illa de Arousa.
- Responder dos vicios ou defectos do vehículo que puidera acreditarse durante o prazo de garantía.
- Pagar os gastos derivados dos anuncios de licitación, así como os de formalización en caso de ser solicitada a elevación a escritura pública; igualmente os permisos, taxas e tributos que garven o arrendamento financeiro e, por último, os gastos de traslado do vehículo ata as dependencias municipais.

O adxudicatario acepta a cesión de uso do vehículo ó Concello de A Illa de Arousa. O pleno dominio do vehículo corresponde ó establecemento financeiro de crédito, aínda que poderá constar este Concello como titular do mesmo no permiso de circulación e ós meros efectos de inscrición no rexistro da Xefatura de Tráfico.

O vehículo entregarase rotulado de acordo co pliego de prescricións técnicas.

### **21.- Prerrogativas da administración.**

O órgano de contratación, d e conformidade co artigo 194 da LCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

O Concello resérvase o dereito a efectuar cantas comprobacións considere convenientes en relación ca calidade dos materiais a subministrar, requirindo ó adxudicatario para que enmende todas as deficiencias que conteña o subministro.

O adxudicatario responderá da calidade do ben subministrado e das faltas que tivera.

A comprobación das características e calidade do subministro farase polos técnicos designados polo Concello, podendo nos casos que estime pertinentes solicitar os asesoramentos técnicos das persoas ou entidades máis idóneas pola súa especialización.

### **22.- Pago.**

O abono ó adxudicatario das obrigas económicas derivadas do presente contrato efectuarase mensualmente por períodos vencidos, logo da presentación de factura, emitida conforme ós requisitos sinalados no RD 1496/2003, de 28 de novembro, diferenciando claramente a cantidade a abonar en concepto de xuros así como a cantidade que se abona polo capital.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores inclúen todos os gastos que corresponden á subministración, instalación, transporte, embalaxe, montaxe, seguros, matriculación, homologación técnica e todas as outras tarefas que inciden no proceso, así como todos os impostos de claquera ámbito fiscal. En consecuencia o adxudicatario non poderá esixir o pagamento de cantidade algunha por este concepto.

O contratista terá dereito ó abono do subministro efectivamente entregado e formalmente recibidos pola administración.

En caso de demora pola administración no pagamento do prezo, esta deberá abonar ó contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de sesenta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas contra a morosidade nas operacións comerciais.

Se a demora fose superior a catro meses, contados a partires do vecemento dos dous meses a que se refire o parágrafo anterior, o contratista poderá proceder, se é o caso, á suspensión do



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

cumprimento do contrato, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos de recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

Se a demora da administración fora superior a oito meses, contados a partires do vencemento do prazo de dous meses, o contratista terá dereito así mesmo a resolver o contrato e ó resarcimento dos perxucios que como consecuencia diso se lle orixinen.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o precio do contrato, pero para que a cesión produza efectos e a administración expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión e teña lugar a toma de razón en contabilidade.

### **23.- Modificación do contrato.**

O contrato podera modificarse por razóns d einterese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 194, 202 e 272 da LCSP. En tales casos estarase ó disposto nos artigos 140 e 202 da LCSP.

### **24.- Resolución do contrato.**

As causas de resolución do contrato e os seus efectos serán as establecidas na LCSP.

### **25.- Prazo de garantía.**

O prazo de garantía será como mínimo de dous anos e comezará a contar dende o día seguinte ó da sinatura da acta de recepción conforme do subministro.

Se durante este prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos no ben subministrado o Concello terá dereito a reclamar a reposición ou reparación do mesmo.

Durante dito prazo o Concello, se estimara que o ben subministrado non é apto para o fin pretendido como consecuencia de vicios ou defectos observados imputables ó contratista e exista presunción de que a reposición ou reparación non é bastante para lograr os fins previstos, poderá antes de expirar o prazo de garantía rexeitar o ben, deixandoo de conta do adxudicatario e quedando exento da obriga de pago, ou tendo dereito á recuperación do precio satisfeito.

### **26.- Penalizacións.**

O contratista queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos establecidos neste pliego.

Establécese a imposición d epenalidades en relación ca demora na entrega do obxecto do contrato. Neste caso a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do precio do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por ce do precio do contrato o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución ca imposición de novas penalidades.

A imposición de penalidades non exclúe a indemnización á que poida ter dereito a administración polos danos e prexucios ocasionados polo retraso imputable ó contratista.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da administración.

Por outra banda establécese a imposición de penalidades proporcionais á gravidade do incumprimento en relación ca demora ou deficiente asistencia técnica e mantemento do vehículo, non podendo superar o 10 por cento do orzamento do contrato.

### **27.- Cesión e subcontratación.**



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP.

Queda prohibida a subcontratación da realización parcial do contrato sen perxucio da operación comercial establecida, no seu caso, entre o proveedor do vehículo e a entidade financeira.

### **28.- Xurisdicción competente.**

Os litixios derivados do contrato se entenderán sometidos ós tribunais competentes con xurisdicción no lugar que que o órgano de contratación teña a súa sede.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

### **PLIEGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MÁQUINA BARREDORA – ASPIRADORA AUTOPROPULSADA**

- 1.- **CABINA.-** Abatible, fabricada en aluminio, insonorizada, e instalada sobre un dispositivo hidráulico antivibratorio, iluminación interior, asiento y volante ajustables, cristales tintados antireflexivos y mandos ergonómicos con control joystic. Campo de visión 60°.
  - 2.- **MOTOR.-** Motor diesel, 4 cilindros en línea, emisión de escapes según normativa Euro 5.
  - 3.- **CHASIS.-** Chasis de doble cuerpo de bastidor articulado con el fin de aumentar su maniobrabilidad. Se valorará un PMA no superior a 4500 Kgs.
  - 4.- **DIRECCION.-** Dirección articulada controlada hidrostáticamente de dos velocidades.
  - 5.- **FRENOS.-** Sistema de doble circuito hidráulico con frenos de disco delanteros y traseros en el diferencial.
  - 6.- **SISTEMA ELECTRICO.-** De al menos, 12 voltios. Sistema de luces reglamentario para circulación. Unidad electrónica central para la transmisión a las ruedas y los sistemas hidráulicos de trabajo mediante comunicación del tipo CAN-BUS.
  - 7.- **TOLVA.-** En acero inoxidable, con capacidad máxima de 2 m3. Apertura de la tapa y volteo hidráulico, bomba de emergencia manual para subida y descenso. Altura mínima de descarga 1350 mm.
  - 8.- **INSTALACION DE AGUA.-** Depósito de 300 l. de capacidad mínima con posibilidad de sistema de reciclado de agua de hasta 150 litros más, bomba eléctrica accionada desde cabina. Pulverización delante de los cepillos barredores, en la boca de aspiración y en el conducto de entrada a la tolva.
  - 9.- **CEPILLOS.-** Dos cepillos laterales y un cepillo frontal orientable a derecha e izquierda, situado en la parte frontal de la barredora. Barrido con anchura máxima de 2660 mm. Se valorará que incorpore un sistema de barrido programable.
  - 10.- **BOCA DE ASPIRACION.-** Ancha boca para recogida de materiales más gruesos, de material antioxidante, situada entre las ruedas delanteras y protegida contra obstáculos.
  - 11.- **CARACTERÍSTICAS DE FUNCIONAMIENTO.-** Velocidad de trabajo: 0 –12 km/h. Velocidad de desplazamiento: 0 – 40 km/h. Pendiente superable del 30%.
  - 12.- **ELEMENTOS DE SEGURIDAD.-** Ante cualquier bajada de los niveles (aceite, agua, hidráulico, etc) la máquina incorporará avisador acústico, así como para la función de marcha atrás. Incorporará reposacabezas y cinturón de seguridad al menos en asiento conductor.
  - 13.- **CERTIFICACIONES.-** Certificación CE conforme a la directiva 98/37/CEE y de conformidad con directiva de emisiones sonoras ley 2000/14/CE.
  - 14.- **VARIOS.-** El equipo incorporará además un mangote de aspiración, aire acondicionado, una rueda de recambio y una pistola para el lavado del equipo. Se suministrará con la revisión de ITV en regla incluyendo matriculación, rotulado y el transporte hasta el lugar de destino.
-



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

### ANUNCIO DE LICITACIÓN

A Xunta de Goberno Local en data 22 de marzo de 2011 acordou aprobar o expediente de contratación do subministro de máquina barredora autopropulsada mediante leasing así como o pliego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, efectuando convocatoria do procedemento aberto, atendendo a varios criterios de adxudicación, conforme os seguintes datos:

1. Entidad adxudicadora: Datos xerais e datos para a obtención da información:
  - a) Organismo: Concello de A Illa de Arousa.
  - b) Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.
  - c) Obtención de documentación e información:
    1. Dependencia: Secretaría.
    2. Domicilio: R/ Palmeira nº 25
    3. Localidad y Código Postal: A Illa de Arousa - 36626
    4. Teléfono: 986527080
    5. Telefax: 986528700
    6. Correo electrónico: concello@ailladearousa.es
    7. Dirección de internet del Perfil de Contratante: [www.ailladearousa.es/contratacion](http://www.ailladearousa.es/contratacion)
2. Obxecto del contrato.
  - a) Descripción: Subministro de "Máquina barredora autopropulsada, de acordo co Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2011.
  - b) Lugar de entrega: O determinado polo Concello de A Illa de Arousa.
  - c) Prazo entrega: Un mes dende a sinatura do contrato.
  - d) Admisión de Prórroga: Non.
3. Tramitación e procedemento.
  - a) Tramitación: Ordinaria.
  - b) Procedemento: Aberto, atendendo a varios criterios de adxudicación, mediante leasing.
  - c) Criterios de Adxudicación: Os sinalados no pliego de cláusulas administrativas particulares.
4. Orzamento base de licitación.
  - a) Importe Neto: 101.694,92 euros. IVA 18%: 18.305,08 Importe total: 120.000,00 euros, distribuído en 120 cuotas mensuais iguais e unha cuota final correspondente á opción de compra.
  - b) Comisión de apertura: 0,25%.
5. Garantía esixidas: Non se esixen.
6. Requisitos específicos do contratista:
  - a) Personalidade: Entidade Financeira de Crédito das citadas na Disposición Adicional 7ª da Lei 26/1988.



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

b) Acreditación da solvencia: Certificación da condición de Entidade Financeira de Crédito e declaración responsable da non variación das circunstancias reflexadas no citado certificado.

7. Presentación de ofertas o de solicitudes de participación:

a) Fecha límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

b) Lugar de presentación: Rexistro do Concello de A Illa de Arousa.

1. Domicilio: R/ Palmeira nº 25

2. Localidade e Código Postal: A Illa de Arousa - 36626.

8. Apertura de ofertas: O sétimo día hábil seguinte ó remate do prazo de presentación de ofertas ás doce horas na Casa do Concello.

9. Gastos de anuncios: A conta do adxudicatario.

En A Illa de Arousa, a 23 de marzo de 2011.

O ALCALDE

Fdo. José Manuel Vázquez Vázquez



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

### ANUNCIO

Advertido erro no anuncio de licitación publicado no BOP nº 63 de 31 de marzo de 2011 e relativo á contratación do subministro de máquina barredora autopropulsada mediante leasing, publícase este para proceder á súa corrección do seguinte xeito:

No punto 4 relativo ó orzamento de licitación debe por o seguinte:

- a) Importe neto: 101.694,92 euros. IVA 18%. Importe total: 120.000,00 euros, distribuídos en 120 cuotas mensuais e unha cuota final correspondente á opción de compra. A esta cantidade se lle incrementará o tipo de interese fixo máximo do 6,50%.
- b) Comisión de apertura: 0,25%.

Na Illa de Arousa, a 1 de abril de 2011.

O ALCALDE

Fdo. José Manuel Vázquez Vázquez



## Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041  
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)  
Tf. 986527080 - Fax 986528700  
e-mail : concello@ailladearousa.es

### NOTA DE SECRETARIA

En el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra nº 69 de fecha 08 de abril de 2011 se publica anuncio de corrección de errores observado en el anuncio publicado en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra nº 63 de fecha 31 de marzo de 2011, en relación con anuncio de licitación para la adquisición de máquina barredora autopropulsada mediante leasing.

De este modo se pone en general conocimiento que el plazo de presentación de instancias de quince días naturales comienza a contar a partir del día siguiente al de la publicación en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra del anuncio de corrección de errores.

En A Illa de Arousa, a 11 de abril de 2011.

SECRETARIO  
  
Edo. Ángel Lamas Bello  
SECRETARIA